

Ruta ao Tremuzo





Dende a Serra de Outes tomamos a C-550 en dirección a Muros. Ao pasar o lugar de O Cruceiro de Roo seguimos un quilómetro aproximadamente e desviámonos á dereita, onde atoparemos o cruce que nos leva á Igrexa de San Xoán de Sabardes que sería o punto de partida.

Dende ahí iniciaremos un duro ascenso ata chegar a cima da montaña, para admirar un dos máis altos miradoiros da bisbarra, con 525 m de altitude.



Vista de Esteiro

Ofrécenos unha das vistas máis espectaculares de toda a Ría de Muros e Noia. Deixándonos ver o tramo final do río Tambre, a desembocadura do río Tins e a enseada do Engano.

Gozaremos da paisaxe e da frondosa vexetación sobre todo ao pé do Tremuzo, xa que a medida que subimos vai diminuindo para deixar paso aos muiños de vento tan característicos na actualidade nas montañas galegas. Hai un forte contraste de temperatura, polo que é recomendable levar roupa de abrigo. Podemos chegar a pé, en bicicleta ou en automóbil ata as inmediacións do Tremuzo.





Algo máis para ver: *San Xoán de Sabardes*

Sabardes foi na súa orixe un mosteiro que se reconstruiu no século XI por orde do conde Don Pedro Froilaz. Do conxunto consérvase a igrexa, reformada cara o século XVII, xunto as edificacións monacais transformadas en casa reitoral.

Dificultade da Ruta: Media-alta

Lonxitude: 6 quilómetros

Plano ruta

